

DE CANDO A LINGUA GALEGA ENTROU NA LETRA ESCRITA

O FILÓLOGO HENRIQUE MONTEAGUDO RELATA A INVESTIGACIÓN CASE DETECTIVESCA SOBRE O DOCUMENTO DO «FORO DO BURGO DO CASTRO CALDELAS», O PRIMEIRO ESCRITO EN GALEGO

Segundo o célebre dito, se un quere que unha cousa pase desapercibida, o mellor que pode facer é pousala enriba da mesa. A historia do *Foro do Burgo do Castro Caldelas* ilustra perfectamente a sentenza. Efectivamente, os historiadores coñecían o seu contido desde mediados do século XIX; o texto foi dado a estampa pola Duquesa de Alba en 1896, reproducido no *Boletín da Comisión Provincial de Monumentos de Ourense* en 1909, incluído por Andrés Martínez Salazar na súa coñecida escolma *Documentos Gallegos del siglo XIII al XVI* (1911), recollido polo historiador Julio González na colección de documentos que acompaña a súa monografía sobre Alfonso IX (1944), citado e recitado en todo canto traballo se leva publicado sobre cartas forais de Galicia... En troques, en todo este tempo o diploma onde se recolle o texto non foi consultado practicamente por ninguén. Iso foi o que permitiu que, cando o revisei no Arquivo dos Duques de Alba (ADA) —onde se custodia—, descubríse as dúas sorpresas que atesouraba: primeira, a súa condición de testemuño máis antigo do idioma galego escrito en Galicia; segunda, a súa categoría como o único privilexio real expedido en idioma galego nos tempos medievais. Atopámonos, pois, ante un documento excepcional na historia da lingua e da cultura galegas.

UN PARADOXO

¿Como se explica o paradoxo? Desde 1896 sempre se traballou sobre a edición da Duquesa de Alba, sen que ninguén fose consultar o diploma orixinal. Os historiadores conformáronse con coñecer o contido do Foro e este xa o tiñan ao seu dispor, aínda que fose nunha edición deficiente. Os filólogos non temos apenas estudada a denominada «producción primitiva» en galego (isto é, a anterior a 1255), e, con certa lóxica pero tamén con abonda preguiza, demos por bo o ditame de Martínez Salazar, quen, ao incluír o Foro de Caldelas na obra antes citada, acompañouno dunha nota en que dicía: «1228 é a data do orixinal, escrito en latín do tempo e outorgado a aquela vila por Afonso IX. Nesta versión galega conservouse, como era adoito, a data e algunhas fórmulas do orixinal latino. Non parece anterior a 1250». Esta opinión é moi sensata: como ía estar en galego un foro dado polo rei Afonso IX en 1228? Tódolos diplomas procedentes da chancelaría deste monarca están escritos en latín, tal como era costume no seu tempo. Doutra



Miniatura medieval que representa ao monarca Afonso IX. El foi quen outorgou o foro que se plasmou no documento que agora, tantos séculos despois, é o documento máis antigo escrito en galego



O «signum» real representa a figura dun león entre dous círculos

banda, non se coñecían escritos en galego producidos en Galicia anteriores a 1231, e o máis antigo que incluía Martínez Salazar no seu libro leva atribuída a data de 1234-36.

Certo é que xa daquela era coñecido o *Testamento de Afonso II de Portugal* (1214) e a chamada *Noticia de Torto* (ca. 1212-15), pero estes ulgábanse testemuños excepcionais e isolados anteriores á eclosión da escrita do idioma vulgar, que se produciu en Galicia a partir de 1255 e en Portugal uns dez anos máis tarde. Por suposto, todos sabíamos que na altura de

1230 o movemento trobadoresco galego-portugués estaba en plena puxanza, cunha xeración de talentos coma os irmáns Pai e Pero Vello de Taveirós ou Martín Soares. Estes trobadores sabían escribir en galego e tiñan que estar máis ou menos afeitos a facelo. Pero o testemuño trobadoresco máis antigo que posuímos (descuberto en 1914) é o *Pergamiño Vindel*, coas cantigas de Martín Codax, que foi escrito necesariamente despois de 1250. Daquela, ¿en que se sustenta a miña confianza na orixinalidade do diploma? Primeiramente, contra os documentos non hai argumentos. En boa lóxica, a carga da proba non recae sobre o diploma, mais sobre quen o poña en cuestión.

COÑECEMENTO DIRECTO

Non podemos seguir dando por boa unha opinión de M. Salazar emitida sen ter coñecemento directo do testemuño. De feito, antes del, o documento era aceptado como orixinal. A vila do Castro Caldelas recibiu a súa primeira carta foral en 1172, da man de Fernando II, nun privilexio escrito, loxicamente, en latín; o de Afonso IX consiste nunha actualización

e confirmación deste. Ata onde sabemos, un e outro privilexios sempre estiveron xuntos, e xuntos chegaron do arquivo dos Condes de Lemos ao dos Duques de Alba, onde xuntos se custodian. Se non dubidamos de un, por que imos facelo do outro? Aínda así, supoñamos, con M. Salazar, que o instrumento en galego que chegou a nós fose unha copia romazada tardía (posterior a 1250) dun orixinal latino dado en 1228. Neste caso, u-lo suposto orixinal? Alguén ten noticia del? Como é que non se arquivou onda o privilexio de Fernando II o orixinal latino e si a suposta copia tardía?

O PROTOCOLO

Un colega opoñíame a obxección de que o protocolo (a introdución inicial) e o escatocolo (lista de confirmantes e subscrición do notario) do diploma de Afonso IX están en latín. Pois ben, precisamente este é un argumento a favor da súa inxenuidade, dado que é típico da documentación primitiva romance que a parte formularia do documento estea en latín, e a parte 'dispositiva' (o corpo central) en romanzo. Pola contra, non coñezo traslados tardíos ao romanzo de privilexios forais en que o protocolo e o escatocolo se reproduzan en latín



TEXTO
Henrique
Monteagudo

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

—o cal non tería moito sentido a partir de 1250-60, pois xa os documentos tendían a ser redactados integramente en idioma vulgar. Pola contra, temos versións romanzadas de cartas forais que están integramente en vulgar, sexa este o galego ou o castelán, como acontece co foro de Lobeira, dado polo noso Afonso IX en 1226.

Como filólogo, unha das características que máis me impresiona do documento é a súa regularidade ortográfica, inesperada nun testemuño primitivo. Endebén, esta característica, chocante á primeira vista, tamén foi sinalada para dous documentos que son parangonables ao noso, tanto polo seu carácter inaugural coma pola súa categoría diplomática: refírome ao 'Tratado de Cabreros' (1206), asinado entre Afonso VIII de Castela e Afonso IX de León, unha peza singular da produción primitiva en castelán, e mais ao xa citado 'Testamento de Afonso II' (1214) redactado en (galego-)portugués. Os estudosos sinalan que ambos textos suxiren un cultivo precedente dos respectivos romanzos. En todo caso, eu subliñaría que un documento feito na chancelaría real implica un proceso demorado de elaboración en que se pon en xogo unha pericia dos redactores (chanceler e notarios) e un esmero dos executantes (os scriptores) pouco habituais noutras categorías documentais menos solemnes.

DIPLOMA REAL

Canto aos aspectos paleográficos e diplomáticos, temos que descansar na opinión dos expertos. En principio, estaríamos ante o tipo máis solemne de diploma real, como corresponde ao seu contido (o foro municipal dunha vila): o denominado 'privilexio rodado', caracterizado pola presenza do 'signum' real —neste caso un león— debuxado no interior de dous círculos, onde se pode ler 'Signum Domini Alfonso, Regis Legionis'. O arquivista do ADA, J. M. Calderón, foi o primeiro en garantirme a enxebreza do diploma, que, segundo el mesmo, nunca fora posta en cuestión polos especialistas que o manexaron. O profesor Carlos Saéz, da Universidade de Alcalá de Henares, aseguroume que a letra empregada é compatible coa data, aínda que a tosquidade xeral do diploma e en particular do seu 'signum', convidano a consideralo unha copia coetánea, feita por encargo dos veciños do Castro Caldelas, paga por estes (que terían interese en ver confirmados os seus foros municipais, e ademais en romanzo, un idioma máis comprensible para todos ca o latín), e

Como filólogo, unha das características que máis me impresiona do documento é a súa regularidade ortográfica, inesperada nun testemuño primitivo

No último decenio do reinado de Afonso IX o persoal da chancelaría non sempre podía levar ao día todo o traballo

realizada fóra da chancelaría real, por encargo desta.

As observacións deste experto encaixan perfectamente coas consideracións do mellor coñecedor da chancelaría de Afonso IX, o xa citado J. González, autor dunha grosa monografía sobre o último monarca privativo de León e Galicia —por certo, soterrado na Capela Real da catedral de Santiago. O devandito historiador sinala que especialmente no último decenio do reinado de Afonso IX o persoal da chancelaría non sempre podía levar ao día todo o traballo. En particular, nos anos 1227 e 1228 a igrexa de Ourense, o abade de Celanova e outros solicitaron

a confirmación de todos os seus privilexios, de maneira que chovían as demandas e a chancelaría se vía precisada a reclamar o labor de copia a escribáns públicos, a monxes ou a clérigos das catedrais. Isto é o que explica, na nosa opinión, que o diploma do Foro veña suscrito polo notario do Concello de Allariz, un tal Nuno, clérigo de Santiago, sendo que o chanceler Pedro figura entre os confirmantes. O mesmo estudioso subliña que a letra destes privilexios, dabondo variada e en xeral tendente á corrección, ofrece trazos propios da que se empregou nas chancelarías de Fernando III e Afonso X.

A miniatura medieval da dereita representa o león, un animal que en moitos países representou á realeza: en Inglaterra, a Torre de Londres custodiou varios exemplares, dos que un sempre levaba o nome do monarca en cuestión. É obvio que este animal para o reino de León cobraba un significado especial. O seu debuxo entre dous círculos conformaba o «signum» real



ABRALDES



O DIPLOMA MOSTRA OS ITINERARIOS DO REI EN GALICIA

Tal demanda motivou a produción dunha nutrida serie de documentos en que habitualmente se fai constar o día de expedición. Desta maneira, podemos seguir os itinerarios do Rei; sabemos así que Afonso IX viaxou por Galicia de abril a agosto de 1228. A primeiros de maio atopábase en Allariz coa súa curia e corte ao completo, pois á parte do noso documento, a doce de maio expide dúas confirmacións ao mosteiro de Montederramo. Os tres diplomas están suscritos polos principais dignatarios eclesiásticos e nobiliarios do tempo. Entre estes, cómpre subliñar a presenza, como segundo confirmante do noso diploma, de Rodrigo Gómez de Trastámara, o último vástago da xiñea dos Traba. Sabemos algo da corte literaria

deste aristócrata, á que pertenceron, entre outros, os trobadores irmáns Pai Soares e Pero Vello de Taveirós. Se cadra, neste conexión se atopa unha parte da clave para desentrañar o enigma do uso do galego neste documento.

O NOTARIO NUNO

Outra clave, sen dúbida, residirá no notario Nuno, o encargado da confección material do diploma. En xeral, semella que o ambiente municipal e o carácter laico do diploma puideron contribuír decisivamente para o uso do idioma galego. Una última nota para os amantes do misterio: o 28 de abril deste ano de 2005 cumpríronse exactamente 777 anos da expedición do diploma. ¿El será que...?



O documento cumpriu o 28 de abril deste ano exactamente 777 anos